



Caderno de Campo

Boletín Informativo da Sociedade Antropolóxica Galega

A SAGA PON EN MARCHA O PROXECTO DE CREACIÓN DO “ARQUIVO AUDIOVISUAL DE ANTROPOLOXÍA GALEGA”

Aproveitando os recursos e as posibilidades divulgativas que nos achega o mundo do audiovisual, a *Sociedade Antropolóxica Galega* aborda este ambicioso proxecto de creación do *Arquivo Audiovisual de Antropoloxía Galega*. Nesta aventura a prol do coñecemento da nosa

que os contidos destes arquivo estean dispoñibles para todo aquel interesado nos distintos temas que se nel abordarán. A día de hoxe xa están dispoñibles na nosa web media catro vídeos de grande valor antropolóxico relacionados co ciclo do Entroido que acabamos de vivir.



identidade cultural preténdese recoller, en formato documental visual, todos aqueles ritos, tradicións, costumes populares, festas, músicas, bailes e calquera outra expresión cultural e social enmarcable na nosa cultura popular. Para poder levar a cabo este proxecto e que revirta na sociedade, ademais das presentacións e proxeccións públicas que se fagan, ponse en marcha na nosa páxina web (www.antropoloxiagalega.org) e no noso blog (<http://sociedadeantropoloxicagalega.wordpress.com>) a **CANLE SAGA**, onde se irán colgando as distintas pezas audiovisuais, de xeito

Así mesmo, e de forma paralela á posta en marcha deste arquivo audiovisual, cómpre subliñar o xa emprendido labor de produción de documentais de grande formato nos que se tratarán en profundidade diferentes aspectos de interese do campo da antropoloxía e da historia de Galicia. Cítense os traballos: *Comuneiros. Cenas de vida e loita polo monte de Salcedo e Sete Camiños. Encrucillada do tempo.*

De todos estes traballos e proxectos darase cumprida conta na nosa páxina web e en futuros números no presente boletín informativo.

SAGA
Sociedade Antropolóxica Galega
Galician Anthropological Society

www.antropoloxiagalega.org
infosaga@antropoloxiagalega.org



Xa está no prelo “FOL DE VELENO”. Anuario de Antropoloxía e Historia de Galiza”

Xa está no prelo o primeiro número do anuario “Fol de Veleno”. Unha publicación da Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA) que estará dispoñible a partir do mes de maio.

O anuario “FOL DE VELENO” ten a súa orixe na publicación “Fol de Veleno”, un fanzine cultural e de opinión creado e editado por Rafael Quintía que nace no 2006 co ánimo de dar a coñecer, dun xeito ameno e asequible, os distintos aspectos da cultura popular galega, así como de ser un foro libre para a crítica social. No 2010 o *Grupo de Estudos Etnográficos Serpe Bichoca* faise cargo desta publicación e transforma o fanzine nunha revista de historia e etnografía, o que daría lugar a “FOL DE VELENO. Revista de Etnografía e Historia de Galiza”, cuxo primeiro número saíu á rúa en outubro do 2010. No ano 2011 a *Sociedade Antropolóxica Galega* recolle o legado deste proxecto editorial e decide facerse cargo da edición, financiamento e publicación



Anuario de Antropoloxía e Historia de Galiza

de FOL DE VELENO, mellorando o seu formato, a súa extensión e os seus contidos para reconvertelo no anuario que hoxe presentamos.

“FOL DE VELENO. Anuario de Antropoloxía e Historia de Galiza” é un espazo libre e de calidade onde especialistas da etnografía, da arqueoloxía, da historia e da antropoloxía galega poidan expo-las súas achegas e as súas investigacións. Ademais ofrecelles ós novos investigadores que traballan no eido da descuberta e da recuperación da nosa

cultura popular e da nosa historia unha canle onde publica-los seus traballos. FOL DE VELENO tamén está aberto ás achegas doutros investigadores de fóra de Galicia e a traballos alleos ó ámbito galego pero que pola súa temática poidan ser de interese para os nosos lectores. Por último, FOL DE VELENO funciona como voceiro dos traballos e das investigacións da Sociedade Antropolóxica Galega, institución que actualmente a sustenta. A revista conta tamén con entrevistas, artigos de opinión e outras seccións que o lector poderá ir descubrindo en cada número.

GRANDE ACOLLIDA DO LIBRO “PARA CANTAR VEÑO EU”



“Para cantar veño eu! Unha viaxe pola cultura musical galega da man dos Chichisos” é unha

obra coeditada pola Sociedade Antropolóxica Galega e a Asociación Cultural Os Chichisos.

O pasado 28 de xaneiro presentouse o libro "Para cantar veño eu!" do autor Rafael Quintía. O acto, celebrado na Galería Sargadelos de Pontevedra, estivo organizado polo Ateneo de Pontevedra e acompañando o autor e presentando o acto estiveron a xornalista Paz Castro -da Sociedade Antropolóxica Galega-, Rosalía Rodríguez -secretaria da Asociación Cultural Os Chichisos- e o artista e profesor da Escola Superior de Restauración Antón Sobral. A presentación contou tamén coa actuación dos Chichisos que abriron e pecharon o acto.



Antón Sobral, Paz Castro, Rafael Quintía e Rosalía Rodríguez



ÉXITO DA ESTREA DO DOCUMENTAL “SETE CAMIÑOS. ENCRUCILLADA DO TEMPO”.

Un espacio natural y arqueológico sobre la ría

Amenazas para la conservación de Sete Camiños

REDACCIÓN = Pontevedra

El Teatro Principal acogió ayer la proyección del documental "Sete Camiños: encrucillada do tempo", una coproducción de la Sociedade Antropolóxica Galega y Faro de Ons Producións en la que, a lo largo de 45 minutos, se justifica la necesidad de preservar el ámbito geográfico de Sete Camiños, en el Monte Pornado y el Monte Catadoiro.

Un grupo de vecinos de Pontevedra, Marín y Vilaboa, con el apoyo de una veintena de colectivos sociales, culturales y ambientales de la comarca propo-

nen la creación de un espacio natural y arqueológico en esta zona denominada Sete Camiños, situado en una estribación de la sierra de Domaio que abarca montes vecinales de los tres municipios citados.

Los promotores alertaron ayer de la existencia de varias "amenazas" para la conservación de este ámbito, como son el proyecto de instalación de un polígono industrial en el monte comunal de San Xulián, en Marín, o la ampliación de la franja de seguridad de la Brilat que afecta directamente a las comunidades de montes de Lourizán y Salcedo y de Vilaboa.



El público abarrotó el teatro. // N. Parga

Destacan la existencia en este lugar de depósitos arqueológicos como mámoas y petroglifos, así como vestigios etnográficos como muros, fuentes o restos de antiguas canteras.

Un Teatro Principal de Pontevedra abarrotado de público acolheu o pasado venres 13 de xaneiro a estrea do documental "Sete Camiños: encrucillada do tempo", o segundo traballo documental producido pola Sociedade Antropolóxica Galega (lembre-mos que o primeiro foi "Comuneiros. Cen anos de vida e loita polo monte de Salcedo").

"Sete Camiños: encrucillada do tempo" é unha coprodución da Sociedade Antropolóxica Galega e Faro de Ons Producións. O realizador e arqueólogo Lukas Santiago e mais o antropólogo e economista Rafael Quintía son os responsables do guión e da dirección deste traballo audiovisual, que tamén conta con João Bieites na realización técnica. Ó longo de 45 minutos, o documental xustifica a necesidade de conservar os diferentes elementos patrimoniais existentes no contorno dos Sete Camiños, do Monte Pornado e do Monte Catadoiro: xacementos arqueolóxicos, como as mámoas e os petróglifos; vestixios etnográficos, como muros, valados, fontes ou os restos de antigas canteiras; as lendas tradicionais dentro do patrimonio inmaterial; os elementos naturais de interese, entre os que destacan miradoiros ou formacións rochosas singulares, etc. Pero tamén alerta das ameazas que destruírían parte do monte comunal das parroquias de Salcedo e Lourizán en Pontevedra, e de San Xulián, en Marín, hipotecando as posibilidades de poñer en valor o rico patrimonio deste espazo situado nunha estribación da serra de Domaio entre os concellos de Pontevedra, Marín e Vilaboa. O documental "Sete Camiños: encrucillada do tempo" ponlle voz e imaxes a un proxecto sustentable que supón unha estratexia colectiva na súa aposta pola xestión racional dos montes, pola revalorización do patrimonio que estes albergan, e por unha visión a longo prazo que garanta unha digna herdanza para as xeracións futuras.





A importancia dos Cantos de Berce na socialización do neno e na creación dos vínculos afectivos

Rafael Quintía Pereira

O bebé necesita para nutrirse, para moverse e, en definitiva, para sobrevivir da presenza doutros membros da especie que, mediante os cuidados necesarios, garanten a súa supervivencia. Medra e se desenvolve nun contorno de relacións biolóxico-orgánicas, psicolóxicas, socioculturais e histórico-políticas nas que o individuo desenvolverá a súa vida vinculado como membro dunha comunidade de vida.



Os nenos amosan unha predisposición sensorio perceptual moi temperá ó que lles rodea, un interese por se expresaren e interactuaren con ese contorno, polo que a sociabilidade do neno ocorre moi cedo, a partir dunha certa consciencia de si mesmo, dunha idea de subxectividade. Os cantos de arrolar axudan e favorecen esta subxectividade necesaria para a sociabilidade, pois estas capacidades sensorio perceptuais, emocionais e comunicativas convenientemente apoiadas, orientadas e participadas polos cuidadores permiten a aparición da relación social temperá por excelencia: ó vínculo. Neste senso, os pais subxectivizan prontamente os seus fillos atribuíndolles individualidade, personalidade e intencionalidade. A esta subxectividade tamén axudan os cantos de arrolar, como se reflicte da análise dos seus versos e do diálogo que establecen entre nai e fillo.

Teño eu unha filliña,
lista como un allo é;
aínda non ten un ano
e xa anda polo pé

Esta relación afectivo-cognitiva inclúe, entre outras, as experiencias de nutrición, de cuidado, de protección, de seguridade ou de soporte emocional (no que entran os cantos de berce) que son despregadas por parte dos seus cuidadores. Este vínculo é a orixe da sociabilidade, un contorno afectivo e comunicativo que nos constrúe como seres humanos. A antropóloga Eugenia Ramírez Goicoechea explica como a longa intimidade entre nai e fillo é o primeiro escenario para a construción afectiva da socialidade, e é neste ámbito de intimidade entre cuidador e neno onde xogan un papel importante os cantos de arrolar xa que axudan a establecer esta relación privilexiada cogni-

tivo-emocional co seu cuidador. O vínculo opera como plataforma de seguridade emocional a partir da cal o bebé desenvolve a súa curiosidade e as capacidades exploratorias do novidoso mentres que á vez se protexe do estraño. Está demostrado que unha experiencia emocional e afectiva deficitaria podería producir retrasos cognitivos.

Durme ben, durme meu rolo,
que non hai berce coma o colo,
durme, meu rolo!

As emocións implican unha visión sobre o mundo e sobre o social. As emocións e os sentimentos dan forma colectiva á experiencia e á identidade do grupo e a isto axudan as narracións, os contos ou os chistes que se lles contan ós nenos e, como non, as cantigas (e as cantigas de berce en particular) xa que son o primeiro contacto co mundo musical. Vemos, xa que logo, que o emocional ten consecuencias estruturais para o social pero, ademais, o emocional é fundamental para o mantemento das lealdades e vínculos grupais, de aí a súa suma importancia.



É precisamente neste contexto de socialización e enculturación do neno onde as cantigas de berce toman importancia pois axudan a reforzar-lo vínculo. Os cantos de berce son unha demostración de cariño e tenrura, unha forma de linguaxe que establece unha ligazón especial entre os pais e o neno. Aquelas cantigas que escoitamos ós nosos pais cando nos arrolaban quedan por sempre gravadas no subconsciente da xente, son o primeiro contacto que temos coa nosa música tradicional,



co sentido do ritmo e axudan a iniciá-lo neno na lingua galega.

Pedro Chosco é o meu amigo,
que che me vén visitar:
cando Pedro Chosco vén
son horas de me deitar

A relación dos coidadores cos coidados é posible grazas a unha forma de comunicación específica que se chama *Infant Direct Speech* (IDS) ou fala directa dirixida ó bebé. É unha fala que emprega un ton e unha frecuencia alta, unha prosodia esaxerada que se repite moitas veces, frases curtas e separadas entre si, un falar amodiño, que respecta a vez e contesta polo neno. Este xeito de falar ten unha explicación. O umbral auditivo dos nenos é máis elevado có dos adultos, polo que os sons teñen que ser máis intensos para seren detectados. De aí a funcionalidade do IDS que se configura nunha fala adaptada ás predisposicións perceptuais do neno, e a vence-las súas limitacións iniciais. Esta fala tamén inclúe unha comunicación corporal e xestual portadora de grande expresividade cognitiva e emocional. Nos cantos de berce podemos ver un exemplo deste tipo de fala dirixida ós bebés, á vez que son cantos cargados de expresividade e tenrura.

Miña meniña pequena,
tesouro de túa nai,
durme loguiño, meniña,
que che canto o anainai

Como explica Colwyn Trevarthen, os nenos aprenden a linguaxe sempre que a experimenten nun contexto interactivo no que estean presentes e vaian comprendendo a comunicación en relación coas intencións dos suxeitos cos que poden ir identificándose dalgún xeito. Por iso, para o desenvolvemento é fundamental analiza-lo contexto social e cultural no que se produce. O contexto da interacción compartida que se dá na socialización humana inclúe de xeito progresivo o exercicio do contacto visual, a imitación, a codireccionalidade da mirada, o xesto de apuntar, unha atención conxunta (*joint attention*) e unha educación guiada desta atención. Un socialízase en formas de socialización culturalmente específicas. Existe pois



certa variabilidade cultural en función da atribución de personalidade social ó neno, da cultura, do parentesco, dos tipos de matrimonio, da familia, da actividade económica, dos sistemas de valores, das metáforas cosmolóxicas, etc. Os cantos de arrolar ou de berce, como expresión popular dun pobo, reflicten todos estes aspectos socioculturais que inflúen na socialización dos nenos.

Este meniño
que teño no colo
chámase Amaro,
Benito i Antonio

Outro aspecto interesante no que os cantos de berce, e os cantos e xogos infantís en xeral, cumpren unha función importante é aquel relacionado coa capacidade imitativa e a súa relación co desenvolvemento da linguaxe. Os bebés teñen unha capacidade imitativa e de desenvolvemento moi precoz e extraordinaria. A imitación responde a unha intención do bebé para reproducilo xesto do adulto. Os xestos que se imitan son os de abri-la boca, saca-la lingua, facer movementos con ela, sorrir, pecha-los ollos ou mover a man.

O meniño quere durmir,
gana de durmir non ten;
abre un ollo e pecha outro,
mira se súa nai lle vén

O sorriso social tamén é unha destas capacidades precoces dos bebés, e unha expresión social exclusivamente humana que se interpreta como indicio de alegría, receptividade e acollida de amizade. Tanto o sorriso social como o contacto visual son fundamentais para o establecemento da relación subxectiva e afectiva entre coidador e bebé. O comportamento social imitativo e a linguaxe maduran de xeito sincrónico e facilítanse mutuamente. Por iso determinadas actividades interactivas entre neno e coidador, como os cantos e os xogos manuais e corporais infantís que os adultos practican cos nenos e que requiren a atención destes, proporcionan unha estrutura repetitiva e estandarizada, unha focalización temática e unha participación alternada (*turn talking*) típica das conversacións e da fala humana, por medio dos cales se aprende o intercambio de roles, os rexistros de fala e os estilos adecuados ós mesmos nunha actividade de exploración conxunta da fala.

Soniño sono
vénteme a iste ollo,
pouquiño a pouco
vénteme a istoutro



Despois de todo o dito vemos, entón, como os cantos de berce non só teñen valor como forma de expresión do noso patrimonio musical senón que, asemade, teñen un gran valor pedagóxico para o neno. Segundo os expertos, as cantigas de berce son un estímulo



que aumenta a resposta do neno cara ó mundo exterior, que favorece a súa sociabilidade e fomenta a aprendizaxe temperá. Estes cantos son de suma importancia para a aprendizaxe da fala, pois neles podemos atopar tódolos elementos que familiarizan o neno coa formación da lingua: as vocalizacións (ea, ea, ...), a repetición de sons (a roró, lala, orá...), a repetición de palabras familiares e frases (a coda), o interese por un tema concreto no que o bebé é o protagonista do relato, o uso de diminutivos. Supoñen inicia-lo neno na musicalidade e no ritmo unido ó movemento de arrolar. Ademais, estes cantos teñen efectos tranquilizantes, pois o contacto físico, as caricias e mecios regulan o comportamento e o stress infantil.

Este neno tenche sono,
tenche ganas de durmir;
ten un ollíño pechado
e outro non o pode abrir.

A ro ro, meu neno
A ro ro meu sol,
dúrmeme anaquiño
do meu corazón.

Moitas veces os cantos de arrolar acompañanse do son tintinante dun axóuxere. Como ben apunta Pablo Carpintero —grande estudioso dos instrumentos galegos—, o ritmo de axitación marca o pulso da melodía interpretada pola nai. Este son de fondo, suave e constante, case hipnótico, axuda á relaxación do neno e a provocarlle o sono. Segundo recentes investigacións, o efecto tranquilizador e sedante dos sons rítmicos e suaves como o do axóuxere débese a que estes sons lembran o son intrauterino que acompaña o neno durante os meses de xestacións. Para o oído do neno serían á evocación do circular do sangue polos grandes vasos sanguíneos da nai. Ademais, o pulso dos cantos de berce aseméllanse ó pulso do latexar do corazón humano. Estas lembranzas sonoras, asociadas a aqueles estados de paz e sosego dentro do seo materno, producirían no neno o efecto sedante que procuramos para facilitarlle o sono.

Ven, sonín, ven polo carqueixedo,
ven sonín, ven adormentarme o neno;
ven sonín, polo camiño novo,
ven sonín e adorméntamo logo.

En canto á temática dos cantos de berce, esta é diversa e variada. Así hai cantos tranquilizadores, cantos tenros, cantos tristes, cantos que dan medo, con temática relixiosa, fantástica, incluso ameazantes como aquel que di: Durme, meu ruliño, durme que se non douche no cu. Todos eles conforman

unha fermosa mostra na que podemos adiviña-los valores tradicionais, os medos, as crenzas e os moitos aspectos que conforman a rede social e cultural na que o neno medrará como persoa. Aquel contorno e contexto cultural, como dixemos, onde será socializado.

A Cristo San Xoán pediulle
que o sono non o levase
para ver baila-lo sol
o día da súa romaxe

Ora meu meniño,
Ora...ora...ora

De aí que se perdemos esta valiosa expresión da nosa cultura popular estaremos perdendo e renunciando a un dos elementos fundamentais da estrutura soporte da socialización e enculturación na que medrarán as futuras xeracións. Non debemos esquecer, xa que logo, que dende que nacemos estamos socializándonos grazas á intersubxectividade que establecemos cos nosos conxéneres a partir da relación do vínculo e, coñecen vostedes unha mostra máis fermosa do vínculo entre nai (ou pai) e fillo que os cantos de arrolar?

Non te troco, meu neno
non te troco, meu amor
nin pola prata da lúa
nin polo ouro do sol

Bibliografía:

-Carpintero, P. *Os instrumentos musicais na tradición galega*. Difusora de Letras, Artes e Ideas. Ourense, 2009

-Ramírez Goicoechea, E. *Evolución, cultura y complejidad. La humanidad se hace a sí misma*. Ed. Centro de Estudios Ramón Areces. Madrid, 2005




ACHÁDEGO DUN POSIBLE MILIARIO DA VÍA XIV NO VAL DO TÁMEGA

O pasado mes de novembro o membro da Sociedade Antropolóxica Galega Miguel Losada atopou unha rechamante pedra cilíndrica de bo tamaño que podería ter algunha relación co trazado da vía romana do alto Támega, a XIV do itinerario de Antonino, xa que se atopa a moi pouca distancia da traza orixinal desta ó seu paso pola bisbarra. Por motivos de seguridade non facilitaremos agora a súa localización exacta.

Asesorados pola arqueóloga e colaboradora da SAGA Nieves Amado, quen se achegou ó lugar na súa condición de experta coñecedora do patrimonio do Alto Támega e autora de numerosos traballos ó respecto, confirmamos a singularidade do elemento que segundo a especialista ben merecería unha análise máis en fondura xunto co seu contexto inmediato.

A peza en cuestión é un bloque de pedra de grao, granito, e ten uns 0,35m de diámetro e sobresa uns 0,80 m do terreo. Atópase na beira dunha pista e estaría a facer a función de fito ou



Mapa das vías romanas do sur de Galicia. De J. Taboada Chivite. "La vía romana del valle del Támega". Separata do fascículo 3-4 Vol.55 LV da Revista Guimarães. Ano 1946.

termo entre dous pobos e dous concellos. Nesta liña a pedra leva hepigrafadas unha serie de letras na cara do Oeste nas que semella albiscárense as letras "N"? e "S"? que poderían traer conta da reutilización como marco de termo desta peza. Consta tamén dun epigrama con forma de cruz na cara sur e outro no cimo plano do cilindro.

Outro dos feitos salientables desta parafita, é a súa proximidade co couto mineiro de Arcucelos, que era percorrido polo pé pola vía XIV precitada. Non menos subliñable é a proximidade ó lugar onde a tradición popular sitúa unha inmemorial construción habitada que deixou de selo cando as omnipresentes, nas tradicións do val do Támega, formigas desaloxaron os ocupantes do emprazamento. Tras delas ficou somentes grandes cantidades de tella, que aparecía cando aqueles eidos eran arados, xunto cos perpiaños e outros elementos que a terra paría de cando en vez naquel lugar.

DESCUBERTOS NOVOS PETRÓGLIFOS NA PARROQUIA DE SALCEDO (PONTEVEDRA)



O pasado mes de marzo o antropólogo Rafael Quintía, da Sociedade Antropolóxica Galega, localizou nun paseo rutinario polo monte de San Martiño de Salcedo unha nova estación de petróglifos non catalogados na parroquia de Salcedo (conce-

llo de Pontevedra).

A laxe onde apareceron as inéditas gravuras localízase entre os lindes das parroquias de Salcedo e

Lourizán, e moi perto do penedo denominado Pedra Escorregadoira, antigo lugar de xogo dos nenos que subían o gando á montaña.

A zona atópase actualmente poboada por eucaliptos, piñeiros e monte baixo. Os petróglifos están realizados sobre un afloramento granítico de gran fino de dúas micas, o cal presentaba evidentes signos de traballo de cantería que puido facer desaparecer parte dos gravados rupestres orixinais. O motivo das gravuras é un fermoso aliñamento dobre de cazoletas, tipografía esta adscrita á Idade do Bronce e similar á que se atopa nos petróglifos próximos de Outeiro da Mina, sobre todo moi similar ós gravados da coñecida como Pedra do Fundamento. O achado foi posto en coñecemento de Patrimonio. Agardamos que se tomen as medidas pertinentes para a súa recuperación e conservación.



A SAGA ENTRE OS ORGANIZADORES DA 1ª XEIRA DO PATRIMONIO DO RURAL

O vindeiro 21 de abril celebrarase na parroquia de Salcedo a primeira Xeira do Patrimonio do rural. A Xeira do Patrimonio está promovida polo Concello de Pontevedra a través da Concellaría de Patrimonio Histórico e do proxecto *Salcedo Patrimonio*. Está organizada polo Consello da parroquia de Salcedo (Comunidade de Montes, Asociacións de Veciños Heroes do Campo da Porta, Salcedo Norte, Cabanas, San Martiño; Asociación Músico-Cultural San Martiño, Sociedade Antropolóxica Galega, Asociación Cultural Santa Rita, Vaipolorío, SCD Salcedo, ANPAS Cabanas e San Martiño). E conta coa colaboración da Misión Biolóxica de Galicia, Asociación de Empresarios Panadeiros de Pontevedra, e da asociación Amigos de Campolongo.

As actividades previas á esta Xeira do Patrimonio son:

- Sábado 7 de abril: Conferencia-roteiro nocturno sobre arte rupestre a cargo de Xosé Lois Vilar (historiador e arqueólogo). A partir das 20.30 horas na local social de Cabanas (antigo preescolar).
- Sábado 14 de abril: Conferencia sobre a represión franquista na parroquia de Salcedo a cargo de Xosé Álvarez Castro (profesor e historiador). A partir das 20.30 horas na Casa da Sociedade de Salcedo.
- Domingo 15 de abril: Andaina pola parroquia de Salcedo. Saída ás 9.30 horas na capela de San Brais. Percorrido por Matalobos, Cabanas, muíños da Cancela, muíños do Batán, castro das Croas, Igrexa de Salcedo...

1ª XEIRA DO PATRIMONIO DO RURAL
SALCEDO
21 DE ABRIL DE 2012

Actividades Previas

<p>Sábado 7 de abril A partir das 20.30 h Local Social de Cabanas Conferencia-roteiro nocturno sobre arte rupestre a cargo de Xosé Lois Vilar (historiador e arqueólogo)</p>	<p>Domingo 15 de abril A partir das 9.30 h Capela de San Brais Andaina pola parroquia de Salcedo Percorrido por Matalobos, Cabanas, muíños do Batán, castro das Croas, Igrexa de Salcedo</p>
---	---

Exposicións

<p>Do 20 ao 28 de abril Local Social de Cabanas Misión Biolóxica de Galicia Exposición de fotografías antigas da parroquia de Salcedo a cargo de Xosé Lois Vilar</p>	<p>Do 20 ao 28 de abril Local Social de Cabanas Exposición sobre a música na parroquia de Salcedo organizada pola Misión Biolóxica de Galicia</p>
--	---

Organizadores: Concello de Pontevedra, Concellaría de Patrimonio Histórico, Consello da Parroquia de Salcedo, Sociedade Antropolóxica Galega, Asociación Cultural Santa Rita, Vaipolorío, SCD Salcedo, ANPAS Cabanas e San Martiño, Misión Biolóxica de Galicia, Asociación de Empresarios Panadeiros de Pontevedra, Amigos de Campolongo.

O programa da Xeira do Patrimonio, prevista para o sábado 21 de abril é o seguinte:

- 10.30 horas. Visita guiada á Misión Biolóxica de Galicia. Saída do Campo de Cabanas.
- 13 horas. Actuación da Banda de Música de Salcedo no Campo de Cabanas.
- 14.30 h. Xantar de con-

fraternidade no Campo de Cabanas organizado polas entidades do Consello da parroquia de Salcedo. Actuacións musicais: Os Chichisos, Foula e Os Alegres.

- Xogos populares: chave, petanca, aro, corda...
- Exposición de fotografías antigas da parroquia organizada polas entidades do Consello da parroquia de Salcedo. No local social de Cabanas do 20 ao 28 de abril.
- Exposición sobre a música na parroquia de Salcedo organizada pola Banda de Música de Salcedo (Asociación Músico-Cultural San Martiño). Na Casa da Sociedade os días 21 e 22 de abril.

Máis información:

Web do Concello de Pontevedra
<http://www.pontevedra.eu>

A SAGA NAS CHARLAS SOBRE A PEDRA ALTA DE CASTRELO DO VAL



O vindeiro día 15 de Abril no salón do Museo Etnográfico de Castrelo do Val, Ourense, terá lugar un fiadeiro histórico, arqueolóxico e patrimonial cuxa temática xirará en torno ó descubrimento da Pedra Alta de Castrelo. Na xuntanza, ademais dos veciños do lugar, participarán, entre outros, Beatriz Comendador Rey —decana da Facultade de Historia da Universidade de Vigo, campus de Ourense—, Luís Lozano —o descubridor e defensor da peza— e Miguel Losada —secretario da Sociedade Antropolóxica Galega—. Nesta xornada divulgativa intercambiaranse experiencias ó redor do feito da reaparición da Pedra Alta de Castrelo, unha estatua e parafita cun posible sentido conmemorativo. A estela vai poder ser vista no antedito museo logo do seu paso pola exposición *Gallaecia Petrea* que terá lugar no mes de xuño de 2012 no Museo de Galicia do complexo do Monte Gaiás, en Compostela.

Boletín da Sociedade Antropolóxica Galega